

UNIDADE DIDÁCTICA: A NOSA ROSALÍA

NIVEL: 5º de Primaria

TEMPORALIZACIÓN: 5 sesións

ÁREA: Educación Plástica e Visual

CENTRO: CEIP Plurilingüe Carballal – Cabral

MATERIAIS:

- Material da aula de Plástica: Follas A4, lapis, ceras, rotuladores...
- Selección de libros variados de Rosalía de Castro.
- Acceso á rede para a procura de información e recursos, así como para acceder á Aula Virtual.
- Aula Virtual do centro, onde estará aloxado o recurso educativo.

OBXECTIVOS :

- Coñecer algúns exemplos da obra de Rosalía de Castro.
- Reflexionar e establecer hipóteses sobre o significado das poesías no seu contexto sociocultural e temporal.
- Procurar na rede exemplos de adaptacións de obras de Rosalía a outros ámbitos .
- Coñecer os principais elementos dunha banda deseñada.
- Elaborar un storyboard como paso previo á elaboración dunha banda deseñada.
- Elaborar unha banda deseñada baseada nunha poesía de Rosalía de Castro.

CONTIDOS:

- Vocabulario específico básico da banda deseñada: storyboard, cartela, bocadillo...
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Propostas artísticas de diferentes correntes, procedencias e épocas: cancións, ilustracións...
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual da banda deseñada.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de análise de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero: a poesía de Rosalía de Castro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.
- Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.
- Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas da imaxe.
- Planificar e deseñar producións artísticas colectivas traballando de forma cooperativa.
- Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.
- Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións.
- Compartir os proxectos creativos utilizando diferentes estratexias.

TAREFAS POR SESIÓN.

1ª Sesión: Actividade plástica introdutoria. A poesía de Rosalía de Castro. Lectura e recompilación de adaptacións da súa obra.

2ª Sesión: A banda deseñada. Análise de exemplos para coñecer as súas partes.

3ª Sesión: Elaboración do storyboard en grupos de catro.

4ª Sesión: Elaboración en grupos de catro dunha banda deseñada.

Tarefa final: Presentación ao grupo da banda deseñada elaborada.

ESTADAXE:

- Utilízanse recursos coñecidos en combinación con recursos novos.
- Ofrécense medios e recursos de apoio que se poden consultar en calquera momento.
- Traballo en equipo e apoio entre iguais.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:Avaliación das tarefas:

- Observación directa. 10% da cualificación final.
- Rúbrica. 90% da cualificación final. A rúbrica servirá para autoavaliarse e coavaliarse. Ademais, na rúbrica haberá un apartado en branco no que eles mesmos valorarán aspectos que consideren importantes do seu traballo.